

Concello de Mugardos
(A Coruña)

17/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 15 DE NOVIEMBRE DE 2021.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as nove horas e tres minutos do día 15 de novembro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Iván Martínez González. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 15.10.2021 (15/2021).

Sr. Alcalde: Bueno, pasamos ao primeiro punto, que é a aprobación da acta da sesión realizada o día 15.10.2021, ¿algo sobre a acta?. ¿Nada?. Votamos, votos a favor, abstencións.

O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 2 PSOE, 1 BNG), e coa abastención do concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 15.10.2021 (15/2021).

2.- EXPEDIENTE 1639/2021. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC NÚMERO 10/2021.

Sr. Alcalde: Moi ben, pasamos ao segundo punto, que é expediente 1639/2021, aprobación, se procede, da modificación orzamentaria número 10/2021. Bueno, ten a palabra o delegado de facenda.

Sr. Mahía Prados: Gracias Alcalde. Bos días. Bueno, isto xa ven ditaminado da comisión correspondente. Está vinculado o punto dous co punto tres, que é a modificación tamén das bases de execución do orzamento. E... bueno, o que se trae a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

aprobación son a modificación das partidas para a sinatura dos convenios deste ano 2021 e para a sinatura tamén dos contratos de patrocinio cos deportistas mugardeses.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois abrimos un... abrimos preguntas ou cuestións que querades formular nun primeiro turno. ¿Palabras?. Nada, bueno, xa está falado en comisión o tema. Vale, pois e... pasamos a votación entón. Votos a favor.

Sometida a votación a aprobación do expediente de modificación orzamentaria MC 10/2021, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en data 29.10.2021, os informes emitidos, en data 29.10.2021, pola interventora municipal e polo secretario da corporación, obrantes no expediente, e o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 04.11.2021, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 10/2021**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **69.500,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento) Altas en Aplicacións de Gastos

| Prox | Aplicación | | Descrición | Créditos iniciais | Crédito extraordinario | Créditos finais |
|------|------------|-----------|--------------------------------|----------------------|---------------------------|--------------------|
| | Progr. | Económica | | | | |
| | 170 | 48900 | Convenio Cofradía de San Telmo | 0 | 15.000,00 | 15.000,00 |
| | 311 | 48900 | Convenio INDICAN | 0 | 3.000,00 | 3.000,00 |
| | | | TOTAL | 0 | 18.000,00 | 18.000,00 |

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (aplicación dotadas insuficientemente no orzamento)

| Prox | Aplicación | | Descrición | Créditos iniciais | Suplemento de Crédito | Créditos finais |
|------|------------|-----------|--------------------------|----------------------|--------------------------|--------------------|
| | Progr. | Económica | | | | |
| | 334 | 48900 | Convenio Casino Mugardés | 60.500,00 | 7.000,00 | 67.500,00 |





Concello de Mugardos
(A Coruña)

| | | | 2020 | | | |
|--|-----|-------|--|------------|------------------|------------|
| | 334 | 48900 | Convenio Casino Progreso de Franza 2020 | 67.500,00 | 4.000,00 | 71.500,00 |
| | 334 | 48900 | Convenio Amigos da paisaxe galega 2021 | 71.500,00 | 1.000,00 | 72.500,00 |
| | 334 | 48900 | Convenio Casino de San Xoán de Piñeiro 2021 | 72.500,00 | 1.000,00 | 73.500,00 |
| | 334 | 48900 | Convenio comunidade O Zulo 2021 | 73.500,00 | 1.000,00 | 74.500,00 |
| | 334 | 48900 | Convenio Casino Progreso de Franza 2021 | 74.500,00 | 1.000,00 | 75.500,00 |
| | 334 | 48900 | Convenio Apelón Educación 2021 | 75.500,00 | 1.500,00 | 77.000,00 |
| | 341 | 22799 | Contrato de patrocinio María Belén Toimil Fernández | 98.095,15 | 7.500,00 | 105.595,15 |
| | 341 | 22799 | Contrato de patrocinio Manuel Enrique Lorenzo Díaz | 105.595,15 | 7.500,00 | 113.095,15 |
| | 341 | 22799 | Contrato de patrocinio Rubén González Rodríguez | 113.095,15 | 6.000,00 | 119.095,15 |
| | 341 | 48900 | Convenio clube Pulpeiros Mugardos 2021 | 76.000,00 | 7.000,00 | 83.000,00 |
| | 341 | 48900 | Convenio Asociación de veciños Montefero 2021 | 83.000,00 | 1.500,00 | 84.500,00 |
| | 341 | 48900 | Convenio Escola de Karate Franza 2021 | 84.500,00 | 3.000,00 | 87.500,00 |
| | 341 | 48900 | Convenio Agrupación de Montaña e Escalada Bestarruza | 87.500,00 | 2.500,00 | 90.000,00 |
| | | | TOTAL | | 51.500,00 | |

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 69.500,00 €.

| | |
|--|--------------|
| REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2020 | 1.434.869,17 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 02/2021 | 203.739,05 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 03/2021 | 528.277,55 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 04/2021 | 70.352,30 |





Concello de Mugardos
(A Coruña)

| | |
|---|------------------|
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 09/2021 | 544.500,27 |
| TOTAL REMANENTE DISPONIBLE ANTES EXP MC 10/2021 | 88.000,00 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 10/2021 | 69.500,00 |
| = REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 10/2021 | 18.500,00 |

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de Ingresos

| Aplicación: económica | | | Descrición | Euros |
|-----------------------|------|-------|--|-----------|
| Cap. | Art. | Conc. | | |
| 8 | 87 | 87000 | Remanente líquido de tesourería para gastos xerais | 69.500,00 |
| TOTAL INGRESOS | | | | |

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de 0 €


D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.- Expoñer, o expediente de modificación de créditos, ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sr. Alcalde: Unanimidade. Ok.

3.-EXPEDIENTE 1411/2021. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO Nº 01/2021.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto... ah, perdón, punto tres, punto tres. Expediente 1411/2021, aprobación, se procede, da modificación das bases de execución do orzamento número 01/2021. Bueno, ten a palabra o concelleiro de facenda.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno. Isto é... como continuación do anterior punto, sería agora modificar as bases do orzamento para reflectir os... bueno, as contías dos convenios actuais e proceder a... para proceder á súa sinatura.

Sr. Alcalde: E... abrimos un turno... ¿palabras?. Nada, bueno, ven en relación ao punto anterior. Votamos entón, votos a favor.

Sometida a votación a aprobación do expediente de modificación das bases de execución do orzamento núm. 01/2021, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en data 29.10.2021, os informes emitidos, en data 29.10.2021, pola interventora municipal e polo secretario da corporación, obrantes no expediente, e o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 04.11.2021, por unanimidade, **ACORDA:**

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación da Base de Execución do Orzamento Xeral nº69, modificando os apartados 11.1º e 11.2º e engadindo dous novos apartados, os 11.3º e 11.4º, nos seguintes termos:

- Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.1º, que pasa a ter a seguinte redacción:

1º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 38.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|------------------------------------|----------------|
| G15048754 | Casino Mugardés 2020 | 7.000 € |
| G15048754 | Casino Mugardés 2021 | 7.000 € |
| G15141138 | Casino Progreso de Franza 2020 | 4.000 € |
| G15141138 | Casino Progreso de Franza 2021 | 5.000 € |
| G15080880 | Sociedade Amigos da Paisaxe Galega | 5.000 € |
| G15076532 | Casino de San Xoán de Piñeiro | 5.000 € |





Concello de Mugardos
(A Coruña)

| | | |
|-----------|--------------------------------------|---------|
| G70520531 | Asociación Cultural Apelón Educación | 3.000 € |
| G70252051 | Asociación Comunidade O Zulo | 2.500 € |

-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.2º, que pasa a ter a seguinte redacción:

2º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 71.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|--|----------------|
| G15116304 | S.D. Galicia | 30.000,00 € |
| G15097363 | Clube do Mar | 24.000,00 € |
| G70532692 | Clube Pulpeiros Mugardos | 10.000,00 € |
| G70190426 | Escuela Karate Franza | 3.000,00 € |
| G15048721 | Asociación vecinos del municipio de Mugardos Montefero | 1.500,00 € |
| G15643554 | Agrupación de Montaña e escalda Bestarruza | 2.500,00 € |

-Engadese o texto da Base 69ª, un novo apartado 11.3º, que terá a seguinte redacción:

3º Con cargo á aplicación 170.489,00, que contan cun crédito global de 15.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|--|----------------|
| G15035108 | Cofradía de Pescadores "San Telmo" de Mugardos | 15.000,00 € |

-Engadese o texto da Base 69ª, un novo apartado 11.4º, que terá a seguinte redacción:

4º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|---|----------------|
| G70581350 | Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina | 3.000,00 € |

Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo do apartado 11 da Base 69ª de Execución do Orzamento, quedaría redactada do seguinte xeito:

11. Relación de subvencións nominativas.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 38.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|--------------------------------------|----------------|
| G15048754 | Casino Mugardés 2020 | 7.000 € |
| G15048754 | Casino Mugardés 2021 | 7.000 € |
| G15141138 | Casino Progreso de Franza 2020 | 4.000 € |
| G15141138 | Casino Progreso de Franza 2021 | 5.000 € |
| G15080880 | Sociedade Amigos da Paisaxe Galega | 5.000 € |
| G15076532 | Casino de San Xoán de Piñeiro | 5.000 € |
| G70520531 | Asociación Cultural Apelón Educación | 3.000 € |
| G70252051 | Asociación Comunidade O Zulo | 2.500 € |

2º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 71.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|--|----------------|
| G15116304 | S.D. Galicia | 30.000,00 € |
| G15097363 | Clube do Mar | 24.000,00 € |
| G70532692 | Clube Pulpeiros Mugardos | 10.000,00 € |
| G70190426 | Escuela Karate Franza | 3.000,00 € |
| G15048721 | Asociación vecinos del municipio de Mugardos Montefero | 1.500,00 € |
| G15643554 | Agrupación de Montaña e escalda Bestarruza | 2.500,00 € |

3º Con cargo á aplicación 170.489,00, que contan cun crédito global de 15.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|--|----------------|
| G15035108 | Cofradía de Pescadores "San Telmo" de Mugardos | 15.000,00 € |

4º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

| CIF | ENTE SUBVENCIONADO | IMPORTE MAXIMO |
|-----------|---|----------------|
| G70581350 | Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina | 3.000,00 € |

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, neste caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas. No caso de que non se presenten reclamacións





Concello de Mugardos
(A Coruña)

entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Sr. Alcalde (que traducido di): Unanimidade. Ok.

4.- APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVENIDA BELLO PIÑEIRO – CONCELLO DE MUGARDOS”,

Sr. Alcalde (que traducido di): Agora si, punto cuarto, aprobación do “Proxecto de reurbanización da Avenida Bello Piñeiro-Concello de Mugardos”. Bueno e... bueno, este punto responde a que a Deputación requírenos, dado que non existe crédito dispoñible no orzamento vixente, presentar o proxecto no Pleno para continuar coa tramitación para unha subvención nominativa e bueno, por iso ven aquí a... ao Pleno. En todo caso abrimos un turno de intervencións. ¿Palabras?. Pois Gemino e José Ángel.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, bo día a todos e a todas. Bueno, eu en canto a este asunto eu non lembro que este asunto pasara por ningunha comisión previa, cousa que me sorprende un pouco. E bueno, despois ademais vexo que a solicitude de subvención é do día 8 de abril do ano 2021, e a día de hoxe non vin, polo menos no expediente, que houbera unha resposta da Deputación con respecto a esa solicitude. E vexo que no informe de intervención fálase de que ao non haber crédito suficiente na partida pois habería que ir a unha modificación de crédito; modificación de crédito que neste caso é preto dos 20.000 euros, pero tamén é certo que en caso de non conceder a subvención e aprobarse o proxecto a modificación de crédito sería de preto de 100.000 euros, e iso tería que ir en detrimento doutras partidas xa que non se pode tirar do remanente, xa que remanente non hai, eu creo que quedan, despois desta última modificación que acabamos de aprobar, en torno aos... bueno, en torno non, creo que eran 18.500 euros. Entón claro, volvo a dicir, isto ao non pasar por ningunha comisión... estrañame que veña así a aprobación nun pleno sen ter debatido antes este... este proxecto.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Hola bos días. Bueno, pois nós tamén... tamén queríamos indicar que tamén nos estraña que isto non pasase primeiro polas comisións para poder... bueno, pois debater máis que nada... máis que o tema económico, que bueno, entendo que se se pode chegar a facer a modificación de crédito é porque dalgún sitio se pode sacar o crédito. Si que nos estraña que nun proxecto deste tipo, que ten impacto sobre a paisaxe de O Seixo, neste caso, que non viñese e que non haxa recollido as aportacións dos grupos ¿non?. Para nós está claro que é unha necesidade retirar esas árbores, como se puxo xa de manifesto neste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Pleno, e xa se aprobou nalgún momento, pero cremos que a solución non é poñer 20 xardineiras en lugar de... retirar corenta árbores e poñer vinte xardiñeiras. Como dicía, o impacto paisaxístico é bastante... bastante importante, e nós o que propoñeríamos é que se trouxese un proxecto máis respetuoso con... cos veciños de O Seixo, e que substituíse os abeduis por outro tipo de... por outro tipo de arbolado, outra especie de árbore que non fose tan dañino para o chan, para as tuberías e para as instalacións. Iso é o que nós cremos que se debería de facer.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e... antes de proseguir co debate... imos ver, nós simplemente presentouse o proxecto, o proxecto non é un proxecto que teña excesivamente complicacións. É certo que ven a responder a unha demanda veciñal de fai bastantes anos, que se formulou, incluso con gobernos anteriores, coa retirada dunhas árbores que teñen un porte excesivamente alto, que xeran conflitos coa rede eléctrica, e polo tanto o que se ven a facer é... falouse con tódolos veciños, con todos, e os veciños non queren unhas árbores alí que obviamente xeráronlles uns problemas no alcantarillado, na rede, nos muros de cada vivenda, e o único que foi é dar resposta a unha demanda que existe dende fai bastantes anos. En todo caso non ten outra cuestión, non é un proxecto que cambie absolutamente a Avenida, todo o contrario, é unha... que pon un pouco de orde nunha Avenida pois para volver a ter, certamente, pois unha Avenida pois con vexetación, pero que non ven a cambiar excesivamente a paisaxe. De tódolos xeitos pola nosa banda non... como fixemos sempre, non queremos impoñer nada, e loxicamente ímolo a... retirámolo, se hai unha demanda dos grupos para que pase por comisión e se fale máis polo miúdo, coa premura que ten, porque a Deputación estanos requerindo, loxicamente, que se tramite con urxencia, entón traerémolo á primeira comisión que haxa e o antes posible e debatemos sobre ela e bueno, se procede algún cambio ou hai que facer algunha modificación pois traémola o máis urxente posible, se os grupos están de acordo. ¿Vale?. Pois entón retiramos o punto da orde do día para levalo á vindeira comisión de xeito o máis rápido posible.

Rematadas as intervencións, polo sr. Alcalde retírase o presente punto da orde do día, co compromiso de levar o asunto, o máis rapidamente posible, á comisión informativa correspondente.

5.- CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PRESENTADO POR REGANOSA

Tras deliberación, polo sr. Alcalde retírase o presente punto da orde do día, co compromiso de facer unha reunión co fin de tomar algún tipo de acordo referente a esa declaración institucional.

DELIBERACIÓN





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto quinto, que é o contencioso-administrativo presentado por Reganosa. Bueno, e por todos sabido, pola documentación que se requeriu, que Reganosa presentou un contencioso-administrativo por concepto do IAE dos anos 2009... 2010 ao 2019, que... bueno, pois supón pois unha cantidade moi importante para este Concello, a primeira... a primeira cuestión é referente a case 6 millóns de euros, que loxicamente o Concello non dispón para pagalos, porque teríamos que tomar unhas medidas excepcionais para poder facer fronte a un pagamento dese tipo, coa repercusión ademais que terá e... bueno, que os vindeiros anos se detraían eses cartos das arcas municipais, porque loxicamente é unha cantidade importante, son catrocentos trinta e pico mil euros que baixarían de xeito osten... bueno, de xeito importante, e polo tanto pois tería un impacto sobre os nosos servizos... sobre os nosos servizos municipais. Polo tanto bueno pois é... xa se trouxo á Xunta de Voceiros en canto... loxicamente fomos conscientes dese tema, e bueno, e evidentemente, bueno, por unhas cuestións... a verdade é que Gemino estaba eses días tiña unhas días libres e non puido asistir, obviamente, e, bueno, vimos necesario tamén que era importante pois volver a traer este asunto ao Pleno para que o Pleno, loxicamente, teña constancia e se posicione porque é un tema que importa a tódolos gobernos que estiveron durante os anos 9 ao 19, e polo tanto non é un tema só deste goberno, que recolle un pouco todos estes anos e loxicamente é un tema de... dunha corporación que gobernou aquí de tódalas cores distintas e loxicamente pois o importante ao final é defender os intereses dos mugardeses ¿non?. Bueno, por iso traese aquí, o expediente tédelo... puidéchedelo revisar, está o máis completo que puidemos facer, que eu creo que é o que temos, o que se mandou ao contencioso-administrativo de Ferrol, e polo tanto bueno, pois iso é o que dixemos. Nós dixemos sempre, e formulouse sempre que cremos que Reganosa debe de rectificar, cremos que debe pagar pola actividade que xera aquí en Mugardos, e polo tanto aquí, con tódolos conflitos que tivo ao longo da historia de Reganosa tódolos gobernos, dun xeito ou doutro, apoiaron que a planta e... bueno, pois continúe a súa actividade de xeito... con tódolos requerimentos legais que teñen que loxicamente... sempre tiveron que ir resolvendo, e loxicamente, unha cousa é que Reganosa estivese noutro sitio ou o debate fose outro, pero Reganosa está onde está e loxicamente o que temos que facer, baixo o meu punto de vista, é... bueno, pois que colabore o máximo posible con este... con este Concello, non para nós, senón para os veciños que, loxicamente, pois teñen unha empresa que xera unha actividade aí, que non todo o mundo, é verdade, pois gústalle que estea, pero unha vez que está cando menos que xere investimentos e que xere tributos para que Mugardos mellore, e polo tanto pois isto parece que vai a cambiar ou quere cambiar. E polo tanto pois... nós, obviamente, independentemente de que tivemos como goberno e como partido, no seu momento, unha posición favorable á planta, e nós loxicamente o que defendimos é precisamente por iso, porque xeraría postos de traballo, porque xera actividade económica, porque xera tributos que veñen a solventar unha situación que Mugardos pois necesita, esa é a cuestión. Agora ben, se iso vai a cambiar, loxicamente nós sempre antepuxemos os nosos... os obxectivos dos veciños de Mugardos a calquera





Concello de Mugardos
(A Coruña)

outro, e polo tanto esta é unha vez máis, nós sexa Reganosa ou sexa a empresa que sexa, nós sempre imos defender que os mugardeses teñan o que merecen. Polo tanto esa é a posición que ten o goberno, o goberno quere que rectifique Reganosa, e polo tanto por iso se trae a este Pleno. Abro un turno de intervencións. Gemino, José Ángel...

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu con respecto a este problema, como ben acaba de dicir o Alcalde, creo que é un problema que se remonta ao ano 2009 coa presentación por parte de Reganosa deses dous recursos ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional, recursos que por certo foron rexeitados, e o posterior recurso dealzada ante o Tribunal Económico Administrativo que esta vez si lles deu a razón. Entón bueno, a nós como ben tamén acaba de dicir o Alcalde, pois parécenos unha deslealdade con respecto ao pobo de Mugardos, e fundamentalmente con respecto a tódalas corporacións municipais, que en maior ou menor medida aprobaron tanto a instalación como a posta en funcionamento da empresa. Pero bueno, a min con todo isto parecerme grave, aínda me parece máis grave a ameaza velada que deixa caer a empresa sobre o de que vai a pasar a cotizar a cota nacional en vez de a cota municipal, e cotizar na cota nacional implica que non ten ningunha obriga de facer fronte a ningunha cota tributaria municipal con respecto ao IAE. Entón nós temos unha serie de preguntas, que non sei si se nos poden aclarar hoxe aquí. E a primeira delas é si hai algún estudo feito do que lle supón á empresa tributar pola cota nacional e non pola municipal, é dicir, si lle sae a pagar máis ou menos. Porque si lle sae a pagar máis pola cota nacional entón entendemos que isto é como unha medida de presión. A segunda é, ¿cales son as axudas que a día de hoxe tiña comprometidas Reganosa co Concello de Mugardos e que ten paralizadas?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Perdón Gemino, repites, non te escoitei.

Sr. Varela Filgueiras: Que cales son as axudas que tiña comprometidas Reganosa co Concello de Mugardos e que a día de hoxe ten paralizadas. A terceira é si o goberno municipal mantivo algunha xuntanza con Reganosa, e de ser así, que foi o que se debateu nesa xuntanza e que conclusións se quitaron. E a terceira é saber si o goberno municipal tivo algunha reunión coa Xunta de Galicia para saber da situación... que é o que pensa a Xunta de Galicia con respecto a este problema, aínda que tamén é certo que a Xunta... parte da Xunta de Galicia xa se manifestou en... en concordancia coa empresa, co que está a reclamar a empresa. E isto o digo porque efectivamente, no poder para pleitos que se lle outorgou á avogada, hai unha... hai un acta do Consello de Administración de Reganosa para outorgar ese poder e para poder plantexar o pleito, que foi aprobado por unanimidade, na cal nese momento creo que había tres conselleiros nese Consello de Administración que votaron a favor de interpoñer este... este contencioso. E bueno, non sei si se me pode responder ou non.

Sr. Alcalde (que traducido di): Veña, responde.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sr. Mahía Prados: Bueno, bos días de novo. Eu pola parte de facenda que me toca, si que, Gemi, vouche a responder, creo que basicamente a tódalas preguntas. A primeira era referente ao cálculo estimativo de... impositivo de Reganosa... a verdade... non o sabemos, non o sabemos canto... a empresa deixaría de... cal sería o seu... ou sexa, sabemos cal sería o seu novo IAE, pero non sabemos, non sabemos cal sería o IAE definitivo que tería que pagar a empresa, iso si que non cho podo dicir, si que sabemos o impacto que sería para as arcas municipais, que estamos falando de catrocentos... o que falamos sempre, catrocentos trinta mil euros ao ano que é o que pagan eles aquí. Referente a axudas, Reganosa non ten ningunha solicitude de axuda aquí no Concello de Mugardos entón e...

Sr. Varela Filgueiras: Perdón non me refería a iso, me refería ás axudas que tiña máis ou menos comprometidas...

Sr. Mahía Prados: Ah, vale. Das que nós teñamos coñecemento era... financiación para o Zárate e... e nós, bueno, por parte do goberno se enviou unha carta para que financiaran a nova biblioteca de Mugardos. Son as dúas... os dous... as dúas cousas que por parte deste goberno se puxo... se puxeron encima da mesa. Referente ao tema de... se nos... se tivemos unha... as reunións que tivemos con... que se tivo con Reganosa, foron única e exclusivamente para falar acerca de levar a cabo o que ven sendo a rehabilitación do Zárate, en ningún momento houbo unha reunión ata agora por este tema do IAE. E logo, referente ao posicionamento da Xunta de Galicia, a verdade, pois... nós temos o posicionamento de aquí do goberno que é claro, a empresa ten que pagar aquí e ten que estar aquí, o que fagan os conselleiros a nós danos igual quen estea na Xunta e danos igual o posicionamento que tomen; nós estamos aquí para defender os intereses dos veciños de Mugardos, que é o que estamos a facer. Descoñezo se os conselleiros o sabían ou non... nós... a nós nos enteremos cando entrou por rexistro a... a demanda contra este Concello.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale, grazas. Bueno, nós aquí tamén temos dúbidas, está ben que nos aclarasen as dúbidas que preguntou... e nós tamén tiñamos dúbidas ¿non?, precisamente esas eran as dúbidas, que cal é a cantidade que se vai a deixar de ingresar, porque entendo que haberá unha diferenza do que ten que pagar co IAE anterior a con o IAE novo, entón non serán seis millóns, será outra contía, queríamos saber exactamente si se podería saber cal era esa contía, pero bueno, parece que non vai a haber moita.. moita diferenza. Entendo que... como dicía ben Gemino, efectivamente os veciños... hai que protexer aos veciños, tamén o dicía o PP, eu creo que os veciños e eu creo que vós tamén, e eu incluso, sentímonos traicionados pola actitude que está a ter Reganosa. Creemos que o Concello de Mugardos sempre puxo tódolos medios para que fose unha realidade que Reganosa estivese aí, a pesar do que supón Reganosa para un pobo como Mugardos, tan






Concello de Mugardos
(A Coruña)

pequeno, cunhas instalacións tan grandes, co impacto que supón, tanto para a vista, para a paisaxe, coma os cheiros, as molestias que causa que estean a pasar gaseiros por diante da ría, pegados ao noso peirao. E todas esas cuestións que os veciños deixáronos... os comprenderon, e atenderon, para o fomento do emprego, para o fomento do pobo, e que agora vexan isto na prensa ¿non?, ademais, así... o Concello de Mugardos ten que pagarlle seis millóns a Reganosa... creo que eu considéroo que é unha traición a... a... a Mugardos, independentemente do tema legal e tal, que efectivamente, se Reganosa non ten que pagar o IAE non o vai a pagar. Tamén se non ten que pagar o IAE Reganosa pois por algún motivo será. Será que hai unhas políticas neste país que pois o que fomentan, e o que... o camiño cara ao que van, é a que unha empresa obteña o maior beneficio posible a costa de.. do que sexa. E neste caso pois é a costa dos veciños do pobo, que finalmente si Reganosa non se chega a ningún acordo e segue adiante con este proceso, pois os veciños de Mugardos van a ter que pagarlle seis millóns de euros a Reganosa, o que parece realmente de risa ¿non?. Ao mellor teríamos que revisar as políticas que se están a facer en España, estas políticas tan neoliberais que ao final no que repercuten é en que a diferenza entre os ricos e os os pobres cada vez sexan maiores, porque aínda encima estes seis millóns que van a cobrar vanse a integrar nos seus beneficios Reganosa, que xa tivo este ano 38 millóns, declarou este ano 38 millóns de beneficio bruto, son 6 millóns máis que se van a repartir entre os seus accionistas, que aínda encima, coas novas medidas do PP, van a cobrar, van a pagar un 25% menos no imposto de patrimonio. Paréceme que non é o camiño que deberíamos de seguir. E isto en canto ao xeral. En canto a Reganosa entendo que hai unha responsabilidade social-corporativa que teñen tódalas entidades hoxe en día, que é algo do que se fala sen cesar, nas empresas que causan un impacto nos seus pobos, normalmente pois son responsables cos seus veciños. Reganosa o di nos seus informes anuais, na súa páxina web, que eles colaboran co pobo, que efectivamente, aquí somos conscientes de que o fan, colaboran co Clube do Mar, colaboran co Galicia de Mugardos, colaboran coas Amas de Casa, tamén outras veces colaboran doutras maneiras que nós, como partido da oposición, descoñecemos totalmente, pero bueno, si que efectivamente sempre efectivamente colaboran ¿non?. Entendo que nesas colaboracións, coas que comezou ao principio a partir do ano 2009 que traballaba... comezou a traballar co Concello, cunha cota do IAE superior á mínima, para tamén... como forma de beneficiar aos veciños, tamén cun acordo de colaboración co GES, que colaboraba co GES, tanto na formación dos traballadores do GES como tamén para materiais e bueno, pois incluso formación conxunta para que... bueno, para axudar alí ao lado da planta de gas. Iso de repente desapareceu tamén, eles xa deixaron de investir aí, e logo bueno, pois iso, o pagamento do IAE ¿non?. E logo o que nos preocupa xa... e xa non... xa termino, é que un tema deste calado, pois unha empresa que esta pagando uns beneficios que supoñen... ou sexa, uns impostos que supoñen ao Concello un 10% dos seus... dos seus ingresos ¿non?, e que as negociacións que se teñen coa empresa e os diálogos e as reunións que se teñen coa empresa non veñan á comisión inmediatamente despois. Eu entendo que si unha cuestión deste tipo vai o Alcalde de Mugardos a falar coa empresa ou con quen... cos responsables da empresa ou con





Concello de Mugardos
(A Coruña)

quen sexa, o primeiro que ten que facer é dar conta aos seus... aos concelleiros do Concello, e iso é unha cousas que eu non o vivín aquí... esta sentenza... o fallo do Tribunal Económico Administrativo foi no ano 2019, e aquí non se falou deste tema dende o ano 2019, cando xa se sabía que había un fallo no cal se ía a retirar ese... ese importe. Si que efectivamente falouse, a partir do 2019, que casualidade, fálase de que Reganosa vai a financiar o Cine Zárate, fálase de que Reganosa paga 60.000 euros das festas e tal, pero iso non pasa por ningunha comisión, non se fala... non se deron explicacións aos veciños e non se deron explicacións aos concelleiros, que xa é o máis tremendo, porque eu entendo que hai cousas que ao mellor non queremos que os veciños saiban e non teñen porque saber, pero para iso están as comisións, para dar explicacións e para dicir aos concelleiros, mira, isto é por isto, isto é por aquilo. E isto segue a pasar, ou sexa, que recoñeceu aí, faí un momento o concelleiro, que si que se reuniu o Concello con Reganosa e non foi a ningunha comisión. Polo tanto... bueno, xa veremos as comisións, o que foi ás comisións. Entón eu entendo que isto, que ten que falarse, o Concello ten que reunirse con Reganosa, nós somos partidarios de que esto... se reconduza esta situación, que se chegue a algún tipo de acordo... bueno, ou a algún tipo de negociación con Reganosa, e que isto ten que vir, e teñen que estar informados tanto os concelleiros como os veciños, que finalmente van a ser os que van a ter que pagar estes 6 millóns de euros.

INCIDENCIA: Faise constar que durante a intervención do concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca, sendo as 9.23 horas, auséntase o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, reincorporándose á sesión ás 9.25 horas durante a intervención do mesmo concelleiro.

Sr. Alcalde (que traducido di): ¿Queres responder?. ¿Si?. Pois veña.

Sr. Mahía Prados: Simplemente matizar un tema, o que comentei fai un rato de dicir que efectivamente si que se foi a esas reunións para falar do Zárate, e o proxecto do Zárate, o plan de usos e todo iso foi á comisión de urbanismo, que o levou o sr. Alcalde. No referente ao IAE, volvo a dicilo, nós enteramos de todo isto ao mesmo tempo que vós, cunha denuncia que se meteu no Concello e... bueno, o que que pasou... é certo que hai algo que si que chama a atención, que o fallo é de marzo do 2019 e nós non sabemos nada ata que se mete por rexistro o primeiro... o primeiro escrito de ingresos indebidos referente a este tema. Entón aí hai un periodo dun ano que non sabemos se había alguén máis neste Concello que o sabía ou que non o sabía, pero é certo que... pode ser que se soubera ou pode ser que non, iso quizás non o saibamos quitado que alguén recoñeza que o sabía, porque como todos sabedes nós non chegamos aquí ao goberno ata finais do ano 2019, durante todo ese ano pois igual houbo alguén que o sabía, nós non. Simplemente iso, para recalcar que as reunións que eu recoñezo que houbo con Reganosa foron para falar do tema do Zárate e que foi un tema que se levou a comisión de urbanismo en canto estivo o





Concello de Mugardos
(A Coruña)


proxecto de usos e... bueno, que era no que se estaba a traballar, que eu aparte, que por suposto recoñezo que se intentou traballar sempre nese sentido de materializar as inversións que había comprometidas e incluso inversións novas, por iso comentaba o tema da biblioteca; o tema da biblioteca chegamos ata o punto de mandar por escrito, para ter unha xuntanza para falar dese tema, e Reganosa non nos deu esa xuntanza. Nós en todo momento sempre se dixo o que había, pola nosa parte está toda a documentación aí, están as actas das comisións e é ao que me remito.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si e... ¿abrimos un segundo turno?. Abrimos un segundo turno entón. Palabras para o segundo turno ¿non?. Gemino e ¿quen máis?, ti... e José Ángel tamén. ¿Vós non queredes falar no Pleno?. Non, vale... pois estaría ben que falásedes, porque teríades moito que dicir.... e... bueno, pois abrimos ese turno, veña, Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu antes cando falaba da cota nacional e da cota municipal, como digo, non sei moi ben cal é a diferenza económica para a empresa, o que pasa é que eu polo pouco que mirei daba a impresión de que a cota nacional e moito maior que a cota municipal, dame a impresión, non o sei, porque eu non son docto nestes temas, igual que tampouco son docto en saber si unha empresa que tributa pola cota municipal pode desenvolver a súa actividade de maneira provincial ou de maneira nacional, que iso tampouco o sei, porque senón neste caso estaríamos posiblemente ante un fraude de lei porque si tributas na cota municipal e o teu traballo se desenvolve a través de toda a provincia ou incluso a través de todo o estado... pois entendo que non sería tal. E despois entón entendo que polo que respostou o concelleiro de facenda que é que cando houbo a xuntanza con Reganosa para falar do proxecto do Cine Zárate e da biblioteca, que nese momento o goberno non era coñecedor da interposición deste contencioso. E bueno, xa dicir que bueno, que efectivamente o da Xunta de Galicia, pero eu entendo que igual o goberno, que forma parte do Partido Popular, igual tamén se tiña que dirixir ao Grupo Parlamentario do Partido Popular para tratar de que o Grupo Parlamentario do Partido Popular pois fale coa Xunta de Galicia e ver cal é a postura que vai a ter a Xunta de Galicia con respecto a este contencioso.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, referente ao tema das cotas, iso ao fin e ao cabo é a Axencia Tributaria a que especifica o IAE, o epígrafe no que está incorporado. Pola nosa banda si que se pode dicir que dende o ano 2009 ata agora tódalas liquidacións que fixeron tódolos gobernos que estiveron foron correctas, o procedemento foi correcto, publicacións nos padróns, realización dos recibos... ou sexa, e o padrón o fai a Axencia Tributaria, ou sexa, nese aspecto todo está correcto. Se entra en fraude de lei ou non entra en fraude de lei polo cambio tal... se a Axencia Tributaria lles outorga o cambio de epígrafe, que neste caso o TEAC que foi o órgano administrativo, que non xurisdiccional, que lles outorgou esa reclamación, lles permite cambialo, nós é... é que durante todo ese procedemento o Concello de Mugardos tampouco estivo presente, non se lle deu oportunidade nin de presentar





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ningún tipo de... persoarse no TEAC en Madrid durante ese procedemento, porque era un procedemento no que estaban inmersos a Axencia Tributaria e a empresa. Iso é o que podo dicir e do que teño coñecemento. E logo, referente á segunda cuestión, bueno, pois tomamos nota da proposta.

Sr. Varela Filgueiras: Simplemente dicir si a raíz disto o goberno ten pensado reunirse con Reganosa para debater este problema.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, a ver. Imos ver, nós... e é o que íamos a anunciar... e, bueno, quero anunciar dúas cousas, a primeira é que me acaba de chamar agora a policía local, hai 15 persoas de Greenpeace subidas a un tanque de Reganosa, nestes momentos está a Garda Civil cun despregue bastante considerable nestes momentos, ¿vale?. Dígoo porque como estamos a falar deste tema acábanme de comunicar fai escasos minutos esta cuestión polo tanto hai un guirigay aí importante. Segunda cuestión, referente a Reganosa, imos ver, Reganosa chamou... ou sexa, sabía da convocatoria deste Pleno, supoño, decatárase, e vai a traer aos avogados ás 10.30 da mañán de hoxe, ¿vale?, fixeron unha proposta para vir a falar con nós e polo tanto daremos conta do que se produza nesa reunión, que descoñecemos cal é o seu contido. Polo tanto coméntoo tamén porque creo que é bo dar total transparencia nun asunto como este, que ademais implica a todos. Escoitaremos o que teñan que dicir, que non o sei, xa o digo, descoñezo o que queren falar. E non sei que máis preguntas hai... creo que contestou Miguel o resto das preguntas... si, bueno, eu de tódolos xeitos si que quixera que o Pleno dalgunha maneira realizase algún tipo de acordo referente a este asunto, e polo tanto eu propoñería que se faga un acordo resolución no sentido de que... bueno, de que o Concello de Mugardos pois en certa maneira pois rexeita, loxicamente o comportamento da empresa Reganosa en Mugardos. Que instamos á empresa á retirada inmediata do contencioso-administrativo e que instamos a unha vía de diálogo co Concello de Mugardos, para que continúe sempre sendo un beneficio para os mugardeses a estancia de Reganosa na nos vila. Iso é... os acordos de resolución que propoño a este Pleno, e polo tanto, bueno, obviamente pois pódese modificar ou pódese mellorar, se vós estimades oportuno decides algo.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu entendo perfectamente o da resolución, pero tamén entendo que sería mellor que o goberno elaborara esa resolución que se quere aprobar e que a presentara pois ou nunha comisión, que son esta semana, ou ben nunha Xunta de Voceiros extraordinaria para que se poidan facer as aportacións, aprobala, como... me imaxino máis que nada como declaración institucional.

Sr. Alcalde (que traducido di): ¿Queredes falar alguén?. Si, si, si.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale, grazas. Bueno, eu quería primeiro un pouco comentar... dicir, simplemente... que a ver, si hai un fallo do Tribunal... ao fio do que comentaba o concelleiro ¿non?, se hai un fallo do 19... que





Concello de Mugardos
(A Coruña)

creo que é de marzo do 19, do Tribunal Económico Administrativo do TEAC, non se pode alegar descoñecemento ¿eh?, ou sexa, non se pode dicir, non, nós non sabíamos nada no 2021. Pero bueno, independentemente diso, tamén quería comentar que o que creo que nos están a pedir os... nós imos a aprobar calquera tipo de resolución que saia efectivamente de aquí, sempre que vaia na dirección de que sexa chegar a un acordo ou mellorar esas condicións de pagamento que se están a esixir ao Concello de Mugardos, tanto que sexan de xeito político como legal tamén, se hai que tomar tamén medidas legais entendo que haberá que tamén incluílo nese... nese acordo ou resolución, que se chegará a onde haxa que chegar para defender aos intereses dos veciños, que nos están a pedir que defendamos os seus intereses, que deamos batalla, que non nos quedemos mirando a ver que fai Reganosa, que non vale un acordo curtopracista, que nos dean algo, non, non, non. Queremos ter a seguridade de que o Concello de Mugardos non vai a perder todo o que está a perder, que isto non é un tema menor para un Concello como Mugardos, que estamos a falar de moito diñeiro, e eu tamén facer un pouco fincapé no tema político, que é de a onde nos está a levar este país con estas formas de actuar contra os veciños e a favor das empresas, das grandes empresas e dos grandes capitais. Nada máis.

Sr. Mahía Prados: Si, e... eu a verdade agradezo a participación de tódolos grupos, de case tódolos grupos neste pleno, pero eu volto a dicilo, e entristéceme que... e Esquerda Unida non diga nada referente a este tema. A resolución do TEAC ditouse estando vostedes no goberno municipal, descoñecemos si sabían ou non, porque nin sequera vostedes o negaron, Descoñecemos... aquí se están a... nós tódalas reunións que tivemos con Reganosa se dixeron e se comentaron, descoñecemos se vostedes mantiveron reunións ou non. Entón, cun tema no que están metidas tódalas corporacións dende o ano 2009 ata agora, que a exalcaldesa está aquí sentada... que non digan nada... oia, ¿vostedes teñen algo que ocultar?, así de claro, xa llo pregunto directamente. Estamos a vivir un momento crucial para a historia deste pobo que é que unha empresa nos está a pedir 6 millóns de euros, que equivale a practicamente o 100% dos recursos ordinarios deste Concello. ¿E vostedes non teñen nada que dicir?. Eu de verdade... a min sorpréndeme, podería ser unha casualidade que non fosen á Xunta de Voceiros que se convocou expresamente por este tema, pero é que xa que non digan nada nun Pleno paréceme de pitorreo. E máxime nun tema de 6 millóns de euros, onde cando se ditou a sentenza vostedes estaban no goberno local. Home, digo eu que algo terán que dicir.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, non sei si Esquerda Unida, por alusións, quere intervir. Non queredes intervir, bueno, pois moi ben, ás veces os silencios son máis... bastante clarificadores. Bueno, en todo caso nada máis, entón faremos unha... outra reunión para tomar algún tipo de acordo referente a esa declaración institucional, obviamente eu tamén darei conta desa información que recaia no referente á visita de hoxe por parte dos avogados de Reganosa, e total transparencia neste asunto, obviamente é un tema que trascende a partidos políticos, estamos a falar da defensa dos nosos veciños e do noso Concello, e polo tanto





Concello de Mugardos
(A Coruña)

benvidos todos aqueles que defendan estes temas, ¿vale?. Nada máis, pola nosa banda... si, non... o digo por este punto, se non hai nada máis que engadir pechamos este asunto.

6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2021-1134.

Sr. Alcalde (que traducido di): E pasamos ao punto sexto, que é dar conta da resolución da alcaldía número 1134.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-1134, de 03.11.2021**, sobre “Delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde o 5 de novembro de 2021”.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se non hai... Non habendo máis temas na orde do día levántase a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta e nove minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=36>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
cd6faf11a816d821d64ad3b3c0eaff5250424b9e9cdcc724bbd91839c7907f33

Vº e praxe
O ALCALDE

